

1º, 2º e 3º ESO

A- Nome do actual alcalde da cidade de Vigo

B- Estrutura flotante adicada á cría do mexillón

C- Poboado prerromano, un dos máis famosos de Galicia é o de Santa Trega

D- Espazo natural protexido en Corrubedo

E- Comida típica galega que contén recheos variados: polbo, zamburiña...

F- Cabo onde remata a Costa da Morte

G- Persoa que toca un dos instrumentos máis tradicionais galegos

H- Construción de uso agrícola destinada a secar, curar e gardar o millo e outros cereais

I- Conxunto de tres illas situadas na boca da ría de Vigo

L- Cidade galega coas murallas romanas mellor conservadas

M- Río máis grande de Galicia e que seica é o que aparece na nosa bandeira

N- Grupo formado por grandes escritores galegos como Vicente Risco, Castelao, Ramón Otero Pedrayo... e que crearon unha revista

Ñ- (Contén o ñ) Baile típico de Galicia

O- Provincia galega que fai fronteira con Portugal e Castela e León

P- Molusco cefalópodo típico de Galicia que queda vermello ao cocer

Q- Alimento procedente do leite do que temos varios con denominación de orixe

R- Conxunto de animais

S- Principal afluente do Miño

T- Apelido dun humorista, actor e presentador galego que se apelida igual que un famoso cabo de Galicia

U- Universidade na provincia da Coruña que é das máis antigas de Europa

V- Cidade máis poboada de Galicia

X- Municipio ourensán famoso polo seu entroido

Z- Molusco similar á vieira que adoita ir nas empanadas